

## COBRAS

A que quere os muíños  
Non é persoa cabale  
Móveo algún interese  
Ou e un vendido o Capitale

*Un vendido o Capitale*  
Un esquirol cos veciños  
Un todo lle fai Male  
Ben non fai nen o viño

*un vendido o capitale*  
*que non quere a súa terra*  
*vendería ata a súa nae*  
*por catro míseras perras*

..... (*retrouso*).

Isa que está nos muíños  
Isa non é cantareira  
Isa que vai cos muíños  
Isa non e unha labrega

*Isa non é unha labrega*  
Non dobra o lombo na horta  
*Cando hai que traballare*  
Sempre fica na porta

*Sempre fica na porta*  
Botando a lingua a pacere  
*Non pasan os días por ela*  
E se pasan faise a morta

.....

Ise que vén cos muíños  
*Ise non e mariñeiro*  
*Ise só mira pos cartos*  
só mira po diñeiro

*Ises que están cos muíños*  
Ises non bailan muiñeiras  
*Isas que queren muíños*  
Isas non son gaiteiras

*Ises que prantan muíños*  
*Ises non son compañeiros*  
*Ises que queren muíños*  
*Ises non son ventureiros*

.....

## RETROUSO

Eu sei, ben sei, eu sei  
Que ti es coma nós  
Esperta, érguete e loita  
Todo pode mudar

Eu sei, ben sei, eu sei  
vente xuntar con nós  
pra sermos un xigante  
e deitalos ca palma da man,  
pra sermos un xigante  
e deitalos ca palma da man.

## **Sermos un xigante** *Ises que queren muiños*

### **EOLICOS NON**

*E unha pandeirada.*  
*Non fan falla instrumentos.*  
*Un pode bater no corpo coma coiro de pandeiro.*

*So hai que berrar.*  
*Cantar se se quere.*  
*Afinar se se pode.*

*Noutra folla vai a partitura.*

( *se se quer, as liñas en cursiva son para cantar o coro en resposta o solista*)

## **Esperta, érguete e loita!**